

## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS POSTERIORES TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DE SADA.

Esta xefatura territorial ditou en data 10 de maio de 2016 resolución de inicio do procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C97020, conta 19, situada no Concello de Sada na r/ Estrada de Sada-Armuño, 17 (antes Portal 3-4, 1º der.

En data 28-05-2016 rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento.

O procedemento de selección de adquirentes de vivendas protexidas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións regúlase no artigo 31 do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

No prazo de presentación de solicitudes non se presentaron peticións de inclusión neste procedemento.

Baseado en todo o antedito, RESOLVO:

1º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do I.G.V.S.

2º Outorgar aos interesados un prazo de reclamacións de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ao da referida publicación.

A Coruña, 09 de xuño de 2016  
O xefe territorial da Consellería de  
Infraestruturas e Vivenda

José Antonio Álvarez Vidal